

Celga



Certificado
Lingua
Galega

1



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Data: 1 de decembro de 2007
Modelo: 1/2007/A

Proba A1

Lea con atención estes dous anuncios:

Alúgase casa en Viveiro para tempada de verán, meses de xullo e agosto. Posibilidade de alugamento por quincenas ou por meses. Situada a cinco minutos da praia.

Conta cunha superficie de 100 metros cadrados, ten tres cuartos, cociña amoblada con vistas á ría, un baño completo, un aseo. No exterior, aparcadoiro propio e un lugar para barbacoa e xardín

Contactar por correo electrónico ou por teléfono e preguntar por Uxía Varela: uxvarela@yahoo.com / 675 435 267 .

Precioso apartamento á beira do mar. Un cuarto, salón-cociña e baño completo: 45 metros cadrados de auténtico luxo. Vistas magníficas.

Non dispón de praza de garaxe. Alúgase no verán, meses completos ou por semanas. Non se admiten mascotas.

Teléfono: 982 990 077
apartapraia@gmail.com

Vostede está interesado/a en alugar unha destas vivendas, a que máis se axuste ao seu perfil: viaxa só pero leva o seu can, irá en tren e só dispón de quince días. Decida cal é a mellor opción e redacte un correo electrónico de 150 palabras (15 liñas), no que:

- Indique quen é, onde reside e en que período estaría interesado/a en alugar a casa.
- Pregunte por cuestións relacionadas con ese alugamento: prezo, actividades que se poden realizar, acceso.
- Pida unha contestación urxente.

- _____

[illegible]

[illegible]

.....Papel para borrador.....

